



## Análise socio-educativa das situacións de risco na familia e dos problemas intrafamiliares /

Alonso, Patricia (Alonso Ruído), autor

Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2022

Libros electrónicos

Monografía

A figura profesional da pedagoga e do pedagogo é especialmente importante no se das familias. Dentro da materia pedagogía familiar, a presente unidade didáctica céntrase na análise social e educativa das situacións de risco na familia e dos problemas intrafamiliares. Ao longo da segunda metade do século XX as transformacións sociais, culturais e demográficas impulsadas pola terceira onda do movemento feminista xeraron grandes cambios ideolóxicos e legislativos para as familias. Unha realidade materializada grazas á revolución sexual, a independencia e empoderamento das mulleres, a liberdade de unións, as separacións e os divorcios, entre outros cambios sociais e políticos. Con todo, a pesar das variacións de dinámicas e estruturas que a familia sufriu ao longo da historia, continúa configurándose como un referente clave para todos os seres humanos (Musito e Cava, 2001). A familia é considerada o grupo primario por excelencia no que as persoas viven e desenvolven as experiencias e habilidades necesarias para a vida (Bezanilla e Miranda, 2013), polo que xoga un papel fundamental no desenvolvemento psicolóxico, social e emocional de todos os seres humanos. No momento actual de eferescencia social que caracteriza as sociedades posmodernas, as dinámicas relacionais teñen unha forte pegada violenta. Especificamente en relación ao tema que nos ocupa, a violencia é unha epidemia que configura a familia como o contexto social máis violento (Aroca et al., 2014). Violencia exercida multidireccionalmente entre os membros do núcleo familiar abarcando desde os malos tratos infantís e os abusos sexuais ata a violencia filio-parental. O artigo 173.2 Código Penal (1995) define a violencia familiar como aquela violencia física ou psíquica que se exerce sobre os membros da mesma unidade familiar, unidos/as por relación afectiva ou de dependencia, exista convivencia ou non, existan lazos biolóxicos e civís ou non. Implica, por tanto, a descendentes, ascendentes, cónxuxes e irmáns/ás de sangue ou non, deixando fóra os casos de violencia machista. A violencia familiar pode implicar ás nenas e nenos de multiplicidade de formas, polo que é fundamental que o pedagogo e a pedagoga saiban identificar e intervir nas situacións de risco e os problemas intrafamiliares que poden afectar o desenvolvemento integral dos e das máis pequenas. Fundamentalmente, porque son profesionais que se atopan nunha posición privilexiada (Priegue e Cambeiro, 2016). Deste xeito, a importancia da temática da presente unidade didáctica perfílase fundamental no estudo da familia e as súas dinámicas, pois comprender os procesos que se desenvolven nas familias pasa por coñecer e identificar as situacións de risco que poden vivir as nenas e nenos. Neste sentido, ao longo desta unidade didáctica afondarase especificamente nas situacións de maltrato infantil, abusos sexuais e violencia filio-parental (ver Figura 1). A

temporalización da unidade didáctica abrangue 3 semanas de traballo teórico-práctico e está destinada ao alumnado de cuarto do grao en Pedagogía

<https://rebiunoda.pro.baratznet.cloud:38443/OpacDiscovery/public/catalog/detail/b2FpOmNlbGVicmF0aW9uOmVzLmJhcmF0ei5yZW4vMzEyMDI5Nzk>

---

**Título:** Análise socio-educativa das situacións de risco na familia e dos problemas intrafamiliares Patricia Alonso Ruido, Bibiana Regueiro Fernández

**Edición:** 1ª edición

**Editorial:** Santiago de Compostela Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico 2022

**Descripción física:** 1 recurso electrónico

**Mención de serie:** Unidades didácticas

**Restriccións de acceso:** Universidade da Coruña

**Detalles del sistema:** Mode de acceso: WWW

**ISBN:** 9788419155016

**Materia:** Maltrato infantil Violencia en la familia Abusos sexuales con respecto a los niños

**Autores:** Regueiro Fernández, Bibiana, autor

**Entidades:** LeBUC

**Punto acceso adicional serie-Título:** Unidades didácticas (Universidade de Santiago de Compostela)

---

### **Baratz Innovación Documental**

- Gran Vía, 59 28013 Madrid
- (+34) 91 456 03 60
- [informa@baratz.es](mailto:informa@baratz.es)